**DIRECCIÓN XERAL DE SAÚDE PÚBLICA**
Servizo de Control de Enfermidades Transmisibles
Edificio Administrativo
San Lázaro, s/n
15703 Santiago de Compostela
881 542 960
http://dxsp.sergas.es

**SUBDIRECCIÓN XERAL DE SAÚDE MENTAL E DROGODEPENDENCIAS**
Edificio Administrativo
San Lázaro, s/n
15703 Santiago de Compostela
881 541 860

## UNIDADES DE SEGUIMENTO DO VIH/SIDA HOSPITALARIAS

**COMPLEXO HOSPITALARIO UNIVERSITARIO DE A CORUÑA**
Servizo de Medicina Interna
As Xubias de Arriba, 84
15006 A Coruña
981 178 394

**HOSPITAL CLÍNICO UNIVERSITARIO DE SANTIAGO**
Servizo de Medicina Interna
Travesía da Choupana, s/n
15706 Santiago de Compostela
981 951 266

**HOSPITAL ARQUITECTO MARCIDE**
Servizo de Medicina Interna
Estrada San Pedro de Leixa, s/n
15045 Ferrol
981 334 504

**COMPLEXO HOSPITALARIO XERAL-CALDE**
Servizo de Medicina Interna
Rúa Doutor Severo Ochoa, s/n
27004 Lugo
982 296 000 Ext: 246260

**COMPLEXO HOSPITALARIO DE OURENSE**
Servizo de Medicina Interna
Rúa Ramón Puga, 54
32005 Ourense
988 385 355

**HOSPITAL PROVINCIAL DE PONTEVEDRA**
Servizo de Medicina Interna
Rúa Loureiro Crespo, 2
32002 Pontevedra
986 800 000 Ext: 287 252

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE SANIDADE

Consellería de Sanidade

Dirección Xeral de Saúde Pública

Información divulgativa

**COMPLEXO HOSPITALARIO UNIVERSITARIO DE VIGO: HOSPITAL XERAL DE VIGO**
Servizo de Medicina Interna
Rúa Pizarro, 22
36204 Vigo
986 816 000 Ext: 16104

**HOSPITAL DO MEIXOEIRO**
Servizo de Medicina Interna
O Meixoeiro, s/n
36200 Vigo
986 811 111

**HOSPITAL POVISA**
Servizo de Medicina Interna
Rúa Salamanca, 5
36211 Vigo
986 413 144

DIFUX, SL - Dep. legal: C-4121-2008



**as relacións sexuais non protexidas son a vía máis importante de transmisión do**

# VIH - SIDA

## FAI A PROBA, SAIRÁS GAÑANDO...

XUNTA DE GALICIA

- A enfermidade da sida é a última etapa da infección causada polo VIH (virus de inmunodeficiencia humana).

- A infección polo VIH transmítese a través de tres vías:
  - Relacións sexuais sen protección.
  - Compartir material de inxección de drogas.
  - De nai a fillo: pódese evitar na case totalidade dos casos cun seguimento médico do embarazo, parto e lactación.

- A vía heterosexual é a principal vía de transmisión do VIH. Estímase que un terzo das persoas que están infectadas non o saben porque nunca fixeron a proba. Estas persoas poden transmitir o VIH sen sabelo ás súas parellas sexuais, porque esta infección non adoita dar síntomas.

- Podes protexerte de maneira sinxela, usando sempre o preservativo nas relacións sexuais e non compartindo materiais de inxección de drogas.

- Non existe risco de infección por se bicar, acariciar, nin a través da saliva ou das bágoas, nin pola convivencia no domicilio, no traballo, na escola, nin por compartir aseos públicos, piscinas, vasos, cubertos, nin por esbirros, tose, nin picaduras de insectos...

- Se tiveches prácticas sexuais non protexidas, fala co teu médico e fai a proba. Un resultado negativo darache a tranquilidade de que non estás infectado. Se o resultado fose positivo (hai infección de VIH), canto antes o saibas antes poderás acceder ao tratamento. Aínda que non é curativo, pode frear dun modo moi importante a evolución da infección.

- Para solicitar a proba do VIH vai ao teu centro de saúde. A proba consiste nunha sinxela análise de sangue. Esta proba é sempre confidencial e gratuíta en calquera centro pertencente ao Servizo Galego de Saúde.